

D.^a/D. _____,

con DOCUMENTO DE IDENTIDADE número _____, con domicilio para notificación en

_____,
código postal _____, teléfono/s número/s _____,

ante vostede comparece e expón:

Que, coñecida a convocatoria de oposición, quenda libre, para o acceso á condición de funcionaria/o de carreira do Concello de Lugo para a provisión de _____ praza/s _____, segundo o anuncio publicado por esa Alcaldía no Boletín Oficial do Estado número _____, correspondente ao día ____ de _____ de _____, e desexando tomar parte nesta convocatoria, fai constar que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases xerais e específicas que a rexen, acompañando a esta solicitude os documentos esixidos nas citadas bases.

Polo exposto, SOLICÍTALLE a vostede ser admitida/o á convocatoria pública para a provisión, mediante oposición, da/s praza/s indicadas, así como ao proceso selectivo correspondente, de acordo coa convocatoria anteriormente citada.

Lugo, ____ de _____ de ____
A PERSOA SOLICITANTE

NOTA.- As persoas con discapacidade que requiran adaptacións precisas para a realización das probas en condicións de igualdade deberán facelo constar (1), cumprindo os requisitos establecidos na base sétima e oitava das bases xerais que rexen nesta convocatoria.

(1) Solicito as adaptacións reflectidas a continuación, para acceder ao proceso selectivo en igualdade de condicións, axuntando a suficiente xustificación:

*Deberá achegar xustificante de pagamento do **Modelo 119** de autoliquidación en concepto de Taxa por Dereitos de Exame, que se pode facer efectiva en calquera oficina de Abanca, CaixaBank, BBVA ou Banco Sabadell.*

INFORMACIÓN ADICIONAL SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER

PERSONAL

Para os efectos previstos no *Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e o Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos* e conforme á *Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais*, proporciónaselle a seguinte información en relación ao tratamento dos seus datos.

RESPONSABLE DO TRATAMENTO:

A información facilitada no formulario é titularidade do Concello de Lugo, domiciliado na Praza Maior, nº 1 27001, Lugo. Para calquera información adicional pode realizar calquera consulta a través dos seguintes medios:

- Teléfono: 982 297 100
- Correo electrónico: 010@concellodelugo.org
- Contacto DPD: dpd.lugo@seguridadinformacion.com

FINALIDADE:

Tramitación desta solicitude para acceso a/s praza/s de persoal funcionario laboral (quenda libre).

LEXITIMACIÓN:

O tratamento dos datos de carácter persoal achegados queda lexitimado por unha obriga legal, de conformidade co artigo 8 da *Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais*, e atopa o seu fundamento na *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

DESTINATARIOS:

Os datos comunicaranse ás unidades administrativas municipais competentes en materia de persoal. Non está prevista a comunicación de datos a terceiros alleos ao Concello nin a transferencia internacional dos mesmos.

DEREITOS:

Calquera persoa ten dereito a obter confirmación sobre se, no Concello de Lugo, están a tratar datos persoais que lles atinxan, ou non.

As persoas interesadas teñen dereito a acceder aos seus datos persoais, así como a solicitar a rectificación dos datos inexactos ou, no seu caso, solicitar a súa supresión cando, entre outros motivos, os datos xa non sexan necesarios para o cumprimento dos fins para os que foron recollidos e no cumprimento da lexislación vixente.

En determinados casos, as persoas interesadas poderán solicitar a limitación do tratamento dos seus datos. Nese caso, unicamente, conservaranse para o exercicio ou a defensa de reclamacións.

En determinadas circunstancias e por motivos relacionados coa súa situación particular, as persoas interesadas poderán opoñerse ao tratamento dos seus datos. O Concello de Lugo deixará de tratar os datos, agás por motivos lexítimos imperiosos ou no exercicio ou a defensa de posibles reclamacións. A persoa interesada ten dereito a recibir os datos persoais que facilitou ao Concello de Lugo nun formato estruturado, de uso común e lectura automatizada. Este último dereito limitarase polas seguintes excepcións:

- a) Que os datos sobre os que recae este dereito, fosen facilitados pola persoa interesada.
- b) Que os datos sexan tratados polo Concello de Lugo de forma automatizada.

Así mesmo ten dereito a retirar o consentimento outorgado, en cuxo caso será efectivo dende o momento no que o solicite, sen ter efectos retroactivos, así como o dereito a reclamar ante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).